

SOLICITUDE DE TRANSPORTE ESCOLAR CURSO 2023/2024

O alumnado matriculado actualmente no centro e **que non o fixese ou que este curso non empregara o servizo de transporte e o necesite o vindeiro curso, debe manifestar expresamente mediante escrito dirixido á dirección do centro a necesidade de utilizar o servizo de transporte escolar.**

Lembren que:

- Non terá dereito ao servizo de transporte o alumnado que solicite e obteña praza nun centro distinto ao que lle corresponde por zona de influencia (Excepcionalmente terán dereito irmás e irmáns do alumnado xa escolarizado con carácter forzoso). Artigo 6 Orde 12 de marzo de 2013
- Terá dereito ao servizo de transporte o alumnado que teña o seu domicilio a unha distancia do centro superior aos 2 Km. Decreto 203/1986
- As solicitudes de uso excepcional realizaranse anualmente a través de dirección e, de ser concedidas, serán para cada curso escolar, sempre que non sexa preciso asignar as prazas ao novo alumnado con dereito preferente. O feito de obter praza non lle outorga ao beneficiario dereito ningún no futuro. Lémbrolles que é autorización temporal e está condicionada á existencia de prazas libres na ruta correspondente. No caso de cubrirse ditas prazas por alumnos con dereito a este servizo, aplicarase a orde de prelación determinada no punto 6º da instrución 3/2012 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación que di:
 - Terá dereito en 1º lugar o alumno cuxo domicilio estea situado a unha distancia inferior a 2km. e superior a 1 km. en zona urbanizada e 500m en zona non urbanizada (con prioridade, á súa vez, dos menores sobre os maiores).
 - En 2º lugar o alumnado escolarizado en centro distinto do que lle corresponde zona.
 - Cando a prelación non poida establecerse conforme ao criterio anterior, porque o número de solicitantes pertencentes ao mesmo grupo exceda do número de prazas, formularase unha proposta e enviarase a Xefatura Territorial, quen tomará as medidas oportunas.

Relación de rutas:

- RUTA ANGROIS: Rúa Cottolengo, Rúa Monte do Seixo, Rúa do Restollal, Rúa do Castiñeiriño, Rúa do Outeiro do Castiñeiriño, Rúa Roble, Rúa Ameneiro, Rúa do Outeiro do Castiñeiriño, Rúa do Castiñeiriño, Lugar do Monte Redondo, Rúa das Cerceiras, Rúa da Virxe de Fátima, Travesía da Chaparra, Rúa do Limpadoiro, Camiño Real de Angrois, Rúa do Cruceiro de Sar, Rúa Picaños, Rúa das Santas Mariñas, Rúa da Estrada, Ceip Ramón Cabanillas
- RUTA PONTEPEDRIÑA: Rúa Amor Ruibal, Rúa Horreo, Rúa Romero Donallo, Rúa Republica Argentina, Rúa Rosa, Rúa Fernando III El Santo, Rúa Horreo, Rúa Amor Ruibal, Rúa Restollal, Rúa da Estrada, Ceip Ramón Cabanillas
- RUTA SAR: Rúa das Fontes do Sar, Rúa Londres, Avenida de Lugo, Rúa Bernardo Barreiro, Rúa Curros Enríquez, Rúa Castron D'ouro, Rúa de Sar, Rúa Ponte do Sar, Rúa Picaños, Rúa Santas Mariñas, Rúa da Estrada, Ceip Ramón Cabanillas

Por todo isto, rogámoslles que, no caso de precisaren servizo de transporte para o seu fillo/-a, cubran o Anexo publicado na web ou en conserxería durante o mes de xuño para tramitar a solicitude do servizo.